


1000





BOLETÍN MENSUAL  
da  
CULTURA GALEGA

Direitor Literario

Vicente Risco

Direitor Artístico

Alfonso R. Castelao

Ademinstrador

ANXEL CASAL

DIREICIÓN E REDAUCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Real, 36 1.<sup>o</sup>—A CRUÑA

ABONAMENTO

Doce números, na Península	6'00 pesetas.
Fora da Península	8'00
Número solto	0'70

NOTA

Este boletín non publigrá mais orixinas qu'os que foran directamente solicitados pol-a Direición. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidas, a non ser das que por non iren rubradas, enténdense que son da Redaución.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

S U M A R I O

Deus (poesía), POR R. CARBALLO CALEIRO.

Problemas de Xeografía Galega, POR RAMÓN OTERO PEDRAYO.

Prehistoria e Folklore da Barbanza, POR FLORENTINO L. CUEVILLAS E F. BOUZA BREY.

Catálogo dos Castros Galegos, da Seizón de Prehistoria do S. E. G.

Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza.

Os homes, os feitos, as verbas, POL-A REDAUCIÓN.

Reloxería ZENITH

MÁQUINAS PARLANTES. DISCOS  
AGULLAS e ACCESORIOS

M. CALVIÑO - Ourense

Vicente Risco

Hbogado

Sto. Domingo, 47-2.<sup>o</sup>

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano X      ★      Ourense 15 Febreiro 1928      ★      Núm. 49

D      E      U      S

Pol-a veira do mare, os meus ollos nos teus,  
as miñas maus nas túas, un día camiñamos.  
As froles da Ilusión, en rescententes ramos  
se abrían no meu peito.

Mais non quixo Deus.

As rosas, ô teu paso, murchábanse d'envexa;  
mais, abaleiro, as ondas facían seu arrulo,  
e hastra os sinos de prata da recantada eirexa  
tecían con mais alma seu sôroso capulo.

Do horizonte sereo no azuado confín  
frolecia a Marela Frol do Céstial Xardín;  
eu sentín nos meus ollos os fondos ollos teus  
  
e cabaleiro da Ilusión,  
ô Sol das túas olladas se abreu meu corazón  
com'un cravel bermello...

Mais non o quixo Deus...

R. CARBALLO CALEIRO

# PROBLEMAS DE XEOGRAFÍA GALEGA

NOTAS EN COL DAS FORMAS DE POBOAZÓN LABREGA

(*Proseguimento*)

ausurdos. Onde traballaron os picos e os tíros, sempre, na forrallada desfeita e na areia fina, medran as follas tristeiras das abrulas que no vrou erguen as suas decorativas frontes de sangue. No monte impera o longo do ano, a crecedera erosión destroitora; seus produtos van en parte ós eidos d'arredor, en parte camiñan mainamente ós vals afundidos qu'apenas s'albiscan dend'eiquí nas concavidades da topografía.

Dende o Rodeiro, o ollar espállase por descobertos hourizontes cinguidos de cumes ordeados en sucesivos fondos. Unha riola de releves presididos pol-a meda da Martiñá pecha o N; a Martiñá, ela mesma castrexa, dirixe a sua incomparabre familia de castros que s'albiscan doadamente impondo un caraute céltigo á rexia paisaxe do N. Dende o pé das serras hastra o rego do Formigueiro desenroláse baixando docemente a terra da aba dos montes, os chaos outos de Vilamarín e Cea, os propios d'Amoeiro, Castro de Beiro, apenas diferenciados senón pol-a lonxanía. Precisanse as direcções das augas pol-o maino releve das costas cinguidoras dos vals iniciás. Ollase bén o remate dos cultivos e o comenzo do reino da pedra da serra, trepada pol-as poligonás das centieiras. A paisaxe do primeiro termo dominada pol-o outo do Empalme (castro da Madanela) séguese ó NE pol-a liña cuase que reuta da Peroxa (terra de penichás). En certos días na mesma dirección xurde un fato de lombos azúes moi lonxanos; as serras do Courel. Os chaos d'Amoeiro, Parada e Fóntefría, cos seus irmáns do Castro e de Beiro, amostran unha paisaxe alternada de parque (fatos de piñeiro, carballeiras) e terras de herdade asucadas, núas, inzadas de millo ou de pan asegún as estacións. Un val inicia-

pouco desenrolado, seguido por nabeiras e lameiros, indica o camiño das augas que se xuntan ó pé do Rodeiro c'a quebrada tamén inicial do Formigueiro. Algunhas alciprestes ou eucaliptos mandan nas xuntas d'arboredos (*\*quantum lenta solent inter riburna cypressi\** Virgilio, *Égloga I*). Adevírtense a posición central d'Amoeiro, onde non se desenrolou un grande centro de poboazón pol-a diverxencia das grandes carreteras.

Pol-o NNW e W, galgan en serras ben detremiñadas, arredondadas, tendidas ó sol por, a divisoira montesía antre as rias baias e a conca do Miño (Madanela, Testeiro, Paraño, Suido, Faro). A Madanela figura pertencer ó sistema; na realidade soilo incomprendamente, pol-o val que se cría na sua aba W precura a Avia (rio Viñao). Dende a liña de serras hastra nós, afündense dous vals paralelos: da Avia e do Barbantiño. Entr'os dous xurden as catro poutas esgrevias da Pena Corneira. As terras antre a Avia e Barbantiño permiten considerar dend'eiquí unha facies carauterística de chao e bocarribeira: os dous vals afündense do N ó S na dirección do Miño e d'este xeito o chao vaise estreitando hastra o coto do San Trocado. Pol-a parte do Carballiño corre a mesma paisaxe de Cea. Car'o Barbantiño ollamos a súpeta transición das chairas outas de pan e arboredos, as costas esgrevias trepadas de piñeirás. Na zona de contauto multipicanse os pobos arrodeados de terras de forte laboura (Vilela, Armeses, Vilamoure, Freás, Ourantes). Locen com'unha preparación topográfica os camiños das augas e o trunfo das quebradas subsecuentes sobre das consecuentes, as penedias das encostas esporrentes, o sistema dos cotos en escalaireira. No termo mais achegado os cotos de Portela

e os do Rodeiro non deixan ver as terras espoñentes de Tsaralba car'o Barbantiño, mais adevirtese a incrinación da parroquia e adíñanse os fondales da Bergueira e Farcixa.

Pol-o NE, E e SW, o val do Miño en coarto de circo, deixa apreixar os seus beizos pol-o pé da Peroxa, Ourense, Santa Cruz e Layas e Ventosela; en conxunto todo o arco do Miño central. Síntese como dirixe a maina mecánica da erosión. Decorren pol-o S os lombos arredondados das montañas da Cañiza, e coto de Novelle, o cume millor individualizado dos hourizontes, non somentes de Trasalba, senón d'outras moitas terras de ribeira, bocarribeira e montaña, os ordes do Leboreiro, montes de Bande, Penamá, Treille, Outeiro de Boa Madre, de xeito que deixa adevíñar formas cóncavas afondadas entr'elas. Pol-o E e SE, os erguementos poderosos que rematando nos cumes de San Mamede e Cabeza da Meda, forman o sistema mais imponente do hourizonte. Ademais, todo o correr esporente do val do río Loña, traballado nos cernes esgrevios dos granitos e o oco qu'acouga o solar d'Ourense. Dend'o Rodeiro xurde crara a función xeográfica da cidade con respecto ós vals e montañas das que é centro de cruce de camiños e soilo lugar doado pr'a criação d'unha vila no marxe esquerdo do Miño central. Apréciase o remate da zona das viñas, os camiños vellos e as carreteiras rubindo costas nas mais das direcions. Na propia do Leste, as terras da parroquia de Palmés defíñense co mesmo caraute da rexión dos cotos e chaos de Trasalba, co seu labio esporente ó val do Miño-dend'a fonda quebrada do Medelo.

#### *Rexión dos chaos.*

Escolmaremos a paisaxe do termo de Pereiras, preto do lugar de Cimadevila. Con maina incrinación o Sul (Miño) e un pouco mais marcado o W (Barbantiño) espállanse terras d'herdade, de figura reutaangular, separadas por muros de forras inzados de silveiras. Dend'o outono a primaveira, verdegan os centeos, primeiro homildosos, rent'o chan, c'os sucos brillantes d'augas invernizadas; logo en cadros trunfales, de pan maduro onde o vento deixa longas vibraciós.

Dend'a scitura, os eidos mortos de palleta quemada pol-o sol alégranse cos fatos de maragoutos dispostos pra seren levados a cira e co verdecer raro dos millos de revoltiza. Eiquí e acolá afroran laxes arredondadas cinguidas pol-os sucos do arado ou lombos d'outeirás descubertos. Algúns chegan a categoría de cotos penedosos vestidos de xestales e toxerias, i-en certos lugares chaos, a auga dormecente non deixa medrar os cultivos, criando mancholas de monte baixo. A terra ben traballada apesares da pouca fonda, fala d'unha poboazón vasta que tendo precisión de pan, traballa eidos de cativo produto, mais propios pra precurar estrume. N-algunhas cabeceiras inda s'acaracochan vellos castiñeiros, testigos d'outros tempos nos qu'o sequeiro tiña tanta importancia com'a meda e a arca do grau. No inverno xurden en limpos mantanías e corren por camiños e regos de demarcación mil augas supreficiás das capas do granito. No vrau o torrón enxoito, marelo de palleta, fai medrar a sensación lumiosa e espallada do grande hourizonte, o mesmo do Rodeiro, un pouco mais baixo. Ocúltanse as bases das serras lonxanas mais en troques precisánse de mais preto as bocarribeiras de por frente e car'o Sul, as testas dos arboredos e os paus dos bimbastros deixan adevíñar outro vivir nos fondales da parroquia. Non s'olla ningún lugar; os camiños cruzan largamente, chaos e lixeiramente encostados no afroramento das laxes. Terra de pan, soilo s'anima co traballo das sementeiras e seituras, destacándose litúrxicamente os homes e os carros. Dispois da scitura e o correr do inverno, nos eidos en barbeito e nos cotos, pacen vacolas e avenznamentras os rapaces xogan nos penedos.

#### *Rexión de contauto dos chaos e do val.*

Xa a temos determinada. Ó correr do camiño principal c'as suas fontes e carballeiras alíñanse os mais dos pobos, a eirexa e os pazos ollando ó Sul os ocos fartos da encosta e da ribeira. A carón dos lugares d'Óuteiro e Fontemaior, xúntanse moitos camiños no campo da Festa, que tamén se chama da Feira, pol-a que se tivo n-outros

tempos. À beira da estrada naceron algunas casas novas de xeito americán: duas eiras franquean o camiño na entrada principal do Outeiro. Os castiñeiros vizosos e algunas grandes carballas testemuñan da frondura e boa calidade da terra, lembrando as que s'afastan nas carballeiras dos chaos premontesios. Pol-o Leste, eidos de centeo atestan co campo. Pol-o Sul, inzanse as parreras e as viñas baixas, misturadas con hortas, anacos de lameiros e milleirales de rega. Eiqui rematan os camiños enxoitos e areosos dos chaos, e outros lameirentos e encostados que procuran a fondura do val. Sempre cruza xente, carros e gando. Os grandes arboredos soilo deixan albiscar anacos fuxitivos do horizonte. En contraste co silencio dos cotos e chaos, eiqui sempre s'ouve o balbordo do traballo e da fata dos homes.

*Terra das campañas abajo.*

Carauterizase por unha grande variedade de paisaxe dentro da limitanza dos seus marcos, da fartura de vexetación e do cultivo. Teimaremos fixar dous escearios: o do Carril e mais o do muíño do Ruzo.

O Carril está posto a metade da encosta car'o val da Bergueira. Dend'o Outeiro e Cimadevila baixan as terras intensamente traballadas, aproveitadas con mimo, cruzadas por camiños esporentes. A eirexa, as casas dos lugares ditos siñálanse no horizonte. Ó Norte, os arboredos e lameiros da veiga d'Albeiros dan principio a quebrada ricaamente artellada que s'afonda na Bergueira, na Fareixa e nas Lamas hastra o Barbantín. Óllase un anaco do propio val d'iste río — xa no curso baixo afondado, entre ribeiras penedosas, dibuxadas pol-as quebradas afluentes, trepadas de viñas — percorrido pol-a carretera de Pontevedra, as bocanbeiras e encostas d'Ourantes, Freás e Vilela, e cobrindo un anaco do primeiro termo pol-o ENE, os cotos de mor a menor que corren da Portela a Vilerma. A paisaxe amóstrase fartamente cambeante. As viñas e nabeiras da encosta chegan o oco da Bergueira; o regato camiña entre muros de eidos, cuberto os anacos por vellas parras que tamén

asombran os camiños, verdadeiros camiños ribeiraos, ós que se franquean portas de bodegas e lagares. Outros anacos do regueiro cruzan pequenas terras de lameiros e hortas e os árbores fruteiros (nogueiras, cerdeiras, algúns soutos de castiñeiro) espaxeados polos tarreos figuran bosques pechados. Os catro lugares (Portela, Bergueira, Fondo de Vila, Pexes) están ben preto uns d'outros, hastra figuraren un soilo pobo. Espállassan os camiños no campo da Bergueira, inzado de cabaceiros e nos arredores de Pexes, prantados de Salgueiros. No inverno as augas do rego enchen o camiño. Con todo, a terra do val redúcese a unha pequena faixa estreita, esporente e dividida en meandros encaixados; a laboura labrega impera na forma e dirección do regato. As penedias e encostas de touzas e piñeiro e cotos nus alternados con herdades chegan dende Portela hastra ben preto do camiño das augas. No outono e inverno as néboas do val barbantín enchen, figurando unha badia artellada, as quebradas das campañas abajo; os arboredos e viñas, ispidos, as nabeiras botadas de ferrña, os lameiros e camiños brillantes d'augas encoradas ou correntes, fan mais pequena ista paisaxe arreconchegada, en tono menor, da que sempre s'ergue o balbordo dos traballos e das falas. Na primaveira e vrau, as masas pechas da vexetación parescen afondar a paisaxe, prestando individualidade os pobos e seus termos.

O outro tipo das campás abajo qu'ollamos dend'o muíño de Ruzo, acugula'en pouco marco moitas terras fortemente quebradas e afundidas, separadas por lombos e cotos de tipo ribeirao. A quebrada das Lamas, na porción mais outa e menos espazada adicase a nabeiras encostadas defendidas por muros de sostimento e aburadadas por unha chea de puzos de bimbastro. A porción mais baixa, de grande esporencia, cría fartos lameiros e húmidas carballeiras, de chán cuberto de toxerias, fentos e folla, terra fria, sombriza, na que hai pouco se precuran as nabeiras. Os lombos pizarrentos da parte S, ou de Soutomanco, xurden ispidos c'a coor das carqueixas e uces. Os outros tapízanse de piñeirales e nas encostas ben soleadas, de

viñas, distanciadas dos lugares e mal servidas por camiños esgrevios. No muíño do Ruzo, por baixo do lugar de bodegas do Quintairo, o rego da Bergueira baixa en súpeta costa por cotos bravos medrados de piñeira-les; cria no cauce unha riola de salgueiros e ameneiros c'algús teixos vellos e desfeitos. O muíño xa non moe fai moitos anos. Nalgúns d'estes fondales quentes, entre cotos, medran os vidociros precurados pol-a boá calidá do seu pau. Ó lindo dos chaos, os cotos da cintura. E da parroquia e un anaco do val barbantiñan, compoñen o mais espallado hourizonte d'istas terras baixas, encostadas, sen pobos, que teñen os dous carauteres da riveira: chaos frieiros de lameiros e carballeiras, chaos enxoitos de viña e cotos anárquicos de piñeira-les.

#### *Paisaxes das encostas.*

Temos dito qu'elas forman a cintura da parroquia car'os vals do Miño e Barbantiño, remontando o beizo dreito e esquierdo de cada un. Tipo carauterístico a paisaxe de Fechos, o derradeiro lugar de Trasalba pol-o S atestando xa c'a parroquia de Santa Cruz d'Arrabalde. Ó mesmo pobo de Fechos chegan pol-o Norte os agros dos chaos e albiscanse ó lonxe os cumes d'hourizonte. Ó pé, franquease o val do Miño, dende Unte a mais alá de Layas; os vellos meandros, as prataformas estructurás, as zonas de vide, os pobos entre río e encosta, asegún estudaremos na parroquia d'Arrabalde. A encosta que nasce e baixa en Fechos súpeta, pouco traballada pol-a erosión, non se desfai en sistemas de cotos, senón qu'en xeral garda a sua arredondada unidade. A esquerda mandan os granitos, a dreita, as pizarras. N'ista derradeira dirección o monte das Conchadas mira pra xuntanza dos dous vals. A esquerda a encosta graniteca segue hasta a quebrada do Medelo, a que segue xa na parroquia de Palmés o remate dos chaos sobre o val do Miño, nas formas esgrevias dos cotos de Serán. Ó pé de Fechos, as augas crean pequenas quebradas pouco afundidas que se organzan procurando a mais grande, inda consecuente, e animada no inverno pol-as augas cantareiras. Pol-a encosta rube a ve-

xetación do val (carqueixas, uces, toxos mais pechados qu'os d'arriba, sobreiros isolados, loureiros e érbedos).

Nas terras da outra banda do río, pódese con certos soles percorrer o fino trabalho da erosión nas bocarribieiras esponentes de terra mol, outras zonas de chaos e os primeiros alzamentos das montañas do Sul.

Disfruta do sol da serán mais recolle as arroyadas do Rodeiro e tén as canellas sempre enlamadas no inverno e na primaveira. Duas casas fidalguías, descidas, sinxelas, locena sua limpia canteiría antr'o acugamento das vivendas labregas.

Ben diferente a figura do Outeiro o segundo en habitantes (107) e o mais central da parroquia, cinguido c'o lugar d'Albeiros pol'o grande camiño descansado pois soilo tén un golpiño de calzada. Outro mais outo sai tamén d'Albeiros seguindo a aba dos cotos pra se xuntar c'o principal no campo da festa e da feira. O Outeiro, de solar chairo, debeuse criar pol'a xuntanza de dous núcreos de poboazón: un desenrolado ó correr do camiño, o outro posto no principiar das terras de rega que s'encostan car'o fondal da Bergueira. Ténde á conquerire o pequeno lugar veciño de Fontemao posto ó sul e tamen poseedor de seu campiño comunal, no que nasce a fonte (5 h). O Outeiro esposto ó sólpior, medra en figura circular un pouco desfeita pol'a atrauceón do camiño, do campo da festa e da feira, no de moitos camiños (eiras vellas, casas d'amerecanos, escola, tenda). Os grandes caracochos do campo, un d'eles disforme carballa petrual repartida entre 27 herdeiros, é o sitio de mór tránsito e conversación da parroquia. Segundo o camiño aixiña se chega os diestros da eirexa e a espaciadas terras (soutos, montes, herdades) de pazo. A eirexa e a reitoral postas no correr dos lugares d'Outeiro e Fontemao mais millor comunicadas con Cimadevila, dominan o hourizonte dos fondales da parroquia. Xa veremos na parte hestórica a significanza da sua posiceón cinguida pol'o folklore. Cimadevila (14 h), disforme en tres pequenos agrupamentos de casas familiares afastados uns dos outros menos de dous centos metros. Chamamoslle familiares porqu'inda que hoxe sexan de diferentes donos non parentes, fo-

ron n'outrora de familias petruias. Coñecese na disposición das casas apesares das novas cortes, curros e outras costruccións que tenden a individualizalas dentro de cada grupo. As terras d'un pazo impiden pol'o N. e W. o desenrollo do logar que non ten centro e somente pode considerarse por tal a eira e unha congostra onde nasce a fonte (Carreira Coba) asombrada por meia dúcia de castiñeiro. O pazo c'o seu sistema de terras (xardín, pomar, horta, soutos, pezas de monte, nabeira e herdade muradas e doadamente servidas entr'elas) e de costruccións, xuntan a outro pazo abandoado dando frente c'a capela ó camiño principal.

Iste en Cimadevila pártense en dous que van en procura do val do Miño deixando entr'elles, xa preto do marco xeográfico da parroquia as terras e casas do logar de Fechos (25 h). Garda a posición semellante ós xa citados ollando ó sul e ó seu pé as terras de viño da parroquia d'Arrabalde. Nas costas labouradas pol'a erosión en quebradas pequenas e espontáneas (costa dos Mortos) teñen os de Fechos suas nabeiras e viñas separadas por arestas penedosas de bosque e monte baixo. O desenrollo radial do logar soilo está impedido ó leste por unha grande propiedá murada. As casas novas procuran os camiños que xa saen do pobo pol'as terras de pan, fuxindo da encosta.

Agora compre lembrar os outros lugares afastados do camiño central. Por frente d'Abeiros dous camiños de carro cinguindo o coto de Marmán procuran o fondo logar do Formigueiro (44 h), epónimo do río que corre ó seu pe mantendo bos anacos de lameiros e nabeiras e fartas carballeiras nas quebradas afloentes. Pol'a esposición ó N. disfroita de pouco sol e as casas, moitas novas ou compostas, acugulanse ó pé d'un coto c'un soilo e pequeno vagantío da praciña ond'está a ermida do S. Sebastián. Un dos camiños ditos entre os cotos de Portela e Marmán segue o W. pol'o principal d'aquila rexión isolada de herdades, touticeiras e penascadas hasta o coto do Faracho. No comienzo un e xa na baixada ó fondo río de Punxín ou do Viñao, morren os dous lugares do Faracho d'abaixo e d'arriba. Nin xuntan entr'os dous tres vecíños vivindo en ca-

siñas do velo tipo soparadas e no medeo d'outras dinantes habitadas, hoxe palleiros, cortes ou escamastradas roñas. O camiño descende por esgrevias costas, pasando o Barbantiño na ponte do Viñao. Foi sempre a relaceón mais doada c'as terras de Maside e do Carballiño e inda garda algunha vitalidade (feiras, arrieiria).

D'Albeiros nasce un camiño que rubindo ás chairas do Rodeiro, atravesa a soedade penedosa pra baixar ós chaos da parroquia do Castro. O coto do Vedral na xuntanza de dous camiños que veñen de Outeiro e Cimadevila forma o nō de relacóns na terra dos agros; d'il sai o de carro pros fondales de Medelo n'outrora habitados onde teñen propiedá os lugares centrales da parroquia. Dend'o Vedral os dous camiños ditos xuntanse no importante que por Pradobó (Palmés) o logar da eirexa de Palmés e Canedo forma duas das costas d'iste nome no seu derradeiro tramo sendo ó tempo a arteria central da terra de Palmés. En Trasalba unha pequena derivación sirve o logar mais ó nacente da parroquia, Monteasnal (39 h). distante arredor de dous kilómetros de Cimadevila e Outeiro. Na propia praça do logar baixa o camiño pr'a quebrada do Rigueirifo que despois segue pol'o Val en terras de Santa Cruz.

Os lugares centrales xuntanse c'as das Campanas abajo desde Albeiros, Outeiro e Cimadevila por camiños dos que logo se soltan fondas corredoiras, xuntándose á via principal d'aquila rexión que xunta todos os seus lugares desde Bergueira a Soutomanco. Na Bergueira (67 h) comprendense naturalmente outros dous lugaríos: Os campos e Portela. O mór cingue un campo espallado d'abondo plantado de caracochos e carballas e animado por un fato de cabaceiras; cruza ó pé d'algúns casas e atesta c'o campo o regueiro do que tomou nome c'o seu pontillón e obras defensivas contra as cheas súpetas. A porcón W. chamada mais particularmente O Campo garda un pequeno pazo unha miguiña desviado con horta, eira, alcipreste e curro, unha casa fidalga que non chega á categoría de pazo, e un que foino, e dos bós mais qu'hoxe apenas garda lembranza de señorío pol'as remendalladas dos peisanos

*chés* que o poseen. O logar de Bergueira amostra o aproveitamento do terreo pra curros e parras; xúntase de feito c' o de Portela posto ó pé do coto do mesmo nomeamento, logar de sete casas ben isoladas entr'elas e provistas de construccíos labregas axetivas de grande vagantio e comodidade.

Baixando o camiño de carro dende Cimadevila atópase o logar de Fondo de Vila (73 h), esmiuzado en tres fatos de casas. O Carril, o propio logar, e Pexes que cuase que chega a Bergueira, augas abaixo do rego. O logar que dá nome fai rúa ó largo do camiño e somentes s'espalla n'un campo encostado de parreiras. O camiño central das campanas abaixo pártese en Fondo de Vila en duas direcções; unha pol'o grupo de bodegas do quintairo, baixa a Punxin pol'o muíño do Ruzo o mais pasaxeiro e servindo os fondales non poboados da Fareixá, o que despois de moitas voltas remata no logar arrabaldés de Casar do Mato. O outro dende

Fondo de Vila vai por terras mais espalladas ó pé do térmico de Cimadevila onde sirve o pequeno logar de Penouzoás (9 h), agarimado por grandes ouxeirales, e chega a Soutomanco onde se xunta c' o camiño xa indicado dos logares centrais da parroquia a Ponte Barbantiña. N'outrora todol'os camiños, congostras, corredoiras e sendeiro das campañas abaixo estaban asombrados por parrales que xa van sendo raros pol'a medra das viñas de amerecana.

Soutomanco apartado do xeito da parroquia xa ribeiran con moito viño e millo de sega, forma unha rúa de casas isoladas, no vello xeito domiñando directamente o tramo derradeiro do val do Barbantiño.

RAMON OTERO PEDRAVO.

(Continuarase.)

## PREHISTORIA E FOLKLORE DA BARBANZA

(Proseguimento)

anta de Axeitos fundádonos nas suas insculturas e así debemos sinalar soio a identidade da figura cruciforme cas da Pena do Polvorín e sobor de todo cas de «Cueva de Menga» e da galeira coberta de Barranc, pertenecentes as duas a un eneolítico moi findeiro, mais sen que nos arrisquemos a formular ningunha opinión definitiva.

UNHA PENEDA INSULTURADA.—A cincoenta metros cara o sul da anta de que vimos falando, e xa en terreo communal, ató-

pase unha peneda de grá, de grandor considerabel (fig. 9) que ostenta insculturas fondamente en tres das suas caras, catro figuras zoomorfas e un pequeno sino de interpretazón duvidosa. Na banda que mira o norte óllanse dous animaes, compreto o da direita e faltoso da testa o da esquerda (fig. 10); na que mira o norleste aparez un soio animal ó que fallan as patas traseiras, (fig. 11) e na que está orientada pro suleste dexérgase outra figura de un cuadrúpedo

- que ten por baixo un risco angular de lados desiguais, rematado por unha covaña (fig. 12).

As tres primeiras de istas representazóns son de idéntico feito e acusan un mesmo esquematismo non desprovido de lembranzas naturalistas. O corpo moi grosso áchase determinado por catro liñas, case que reitas, nas que se observan así e todo certos detalles realistas como o erguemento da grupa nas duas insculturas da figura 10, o abultamento do peito na da figura 11 e a curva da unión do coarto traseiro ca soá en todas elas. A testa, nos dous animaes que a conservan, é triángular, ten un ollo indicado por un buratiño e aparece rematada por un par de cornos direitos e sen gallas que semellan postos de frente na figura de perfil. As patas son sinxelos riscos reitos, agás no animal da direita da figura 10 que os ten incrinados como se quixeran imitar unha actitude de marcha.

De estilo algo mais esquemático e a inscultura da banda do suleste, na que se deixe unha menor preocupación naturalista, ben patente na direitira das riscadelas do corpo e no afastamento en duas partes; ven-

moi pouco doada a distinzón entre as duas especies devanditas, debendo terse en conta que ainda en pictografías de tipo moi mais naturalista como son as da «Cueva del Queijo» abondou a adizón de algúns detalles pra convertir en cervos as cabras primeiramente pintadas.

Se pra a caracterización de estas figuras nos guiáramos pol-a forma dos cornos, alcontraríamnos conque istes non presentan nin o xeito curvado propio do xénero *capra*, nin as gallas que tan nidiamente sinalan o xénero *cervus*, e que por certo óllanse con inteira claridade n-algunhas gravuras dos Ballotes (Bamio, Carril) que son do mesmo feito que as que nos ocupan, e asin deixaremos en suspenso ista cuestión, mais non sen advertir que en figurazóns de cervos tan estilizadas como son as duas da parte onta da ezquerda da composición do Cogul (Lérida) e dos vasos de Ciempozuelos (Madri) e de Los Millares (Almería), presentan todas a indicación das gallas, sendo moi menos frecuentes as que non-as presentan, como ocorre c-unha da Rabanera e outra de Tajo de las Figuras (Cádiz) cuia identificación zoológica pode ser pol-o demais moi discutibel.

Non son raras na Galiza as representazóns de animaes (Cérvidos ou capridos, cabalos e outros cuadrúpedos indeterminados), sendo de notar que as duas primeiras especies alcóntranse de cote interpretadas de un xeito mais naturalista que a terceira, podendose clasificar as representazóns zoomorfas galegas, por nós conocidas, do xeito seguinte:

a) Figuras con lembranzas naturalistas. (Algúns cervos dos Ballotes). (Bamio, Carril). (Fig., 13, núm. 1).

b) Figuras algo mais esquemáticas de cervos e de outros animaes de identificación pouco segura. (Pena Forneiriña e Laxe da Pena Furada, Campo Lameiro; Portela da Cruz, San Xurxo de Sacos; A Caeira, Pontevedra, e algunhas dos Ballotes). (Fig., 13, núms. 2 e 3).

c) Figuras estilizadas de cabalo con xinete. (Pena do Polvorín, A Cruña). (Fig., 13, núm. 4).

d) Figuras por completo esquemáticas. (Oia, A Guarda, e algunhas das que apare-




(FIG.) 9.—A. A. DÓLMEN DE OLEIROS.—  
B. B. PENEDO INSULTURADO

tre e patas da direita e lombo, cuello e patas da ezquerda, da figura do animal representado.

A primeira cuestión que suscitan as insculturas de Axeitos e a da identificación da especie zoológica a que pertencen os cuadrúpedos insculturados. Pol-a forma do corpo e da testa e pol-a disposición e longura dos cornos, vese dende logo que se trata de capridos ou cérvidos, mais no grado de esquematización en que están executados, resulta

cen copiadas nas «Impresiones de un viaje prehistórico por Galicia» de Obermaier sen indicación de localidade). (Fig. 13, números 5 e 6).



(FIG. 10)

Abonda con ollar as figuras respeitivas pra dexergar nidiamente a identidade de estilo das representazóns das bandas norte e norleste da peneda de Axeitos, cas do tipo *a*) e a da banda do suleste cas do tipo *b*).

Entre os multipres probremas que prantean as insculturas galegas, non é o menos intresante o da sua localizazón en xeral e a de cada un dos seus tipos en particular. Polos datos que posuimos, acadados en parte



(FIG. 11.)

nas monografías e notizas xa publicadas, i-en parte tamén nas coleizóns ainda inéditas de Sobrino Buhiñas e Casto Sampedro, podemos adiantar que a arte rupestre da nosa terra aparez case de cote en rexións pouco desviadas da veiramar e n-unha área que colle dende A Cruña (estazóns xa citadas perto da Torre de Hercules) deica o esteiro do Miño (bisbarras de Viladesuso e Oia), atopándose nos dous cabos a maoria das insculturas dos tipos *c*) e *d*) e no centro as do tipo *b*). As do *a*) son cicais as menos abundosas e parecen cinguirse preferentemente á costa da ría de Arousa.

Outro fenómeno dino de atenzón nas figuras zoomorfas galegas con lembranzas naturalistas é o seu isolamento dos países veciños. Nas Asturias non se ten sinalado deica agora ren que se lle imite e o mesmo pasa nas provincias de León e Zamora. En Portugal teñen aparecido gravuras estiliza-

das como a de un cabalo da Peneda das Gamelas (Pavia, Alemtejo) e a mais naturalista, anque de feitura ruda da Orca dos Juncais (Beira) (fig. 14, núm. 1), tendo que recurrir pra atopar as nosas figuras de animaes un paralelo algo esaito os chamados cabalos da peneda dos «Siete Infantes de Lara» de Yecla de Yeltes (Salamanca) (fig. 14, n. 2) que son os únicos que situados en terras non moi lonxanas, presentan imitanzas de estilo cos tipos da nosa arte rupestre de que nos vimos ocupando.

Non tendo como non teñen istas representazóns ningún antecedente paleolítico dentro da Galiza, sen vencello craro con Portugal nin con Castela, de onde chegaron a maoria das influencias que atuaron en col das nosas culturas, semellan pol-a sua situación costeira ser algo recibido por mar, anque non podamos atoparle tampouco unha relación nida con ningún dos países europeos do Atlántico nin do Mediterráneo, agás ca Andalucía, onde algúns dos cervos pintados en roxo na Cueva de las Figuras (Medinasidonia, Cádiz) non deixan de ofrecer notables semellanzas cos gravurados de Axeitos e cos seus similares dos tipos *a*) e *b*), (fig. 14, n. 3).

E anotaremos por cabo duas particularidades das insculturas de Axeitos: a primeira o estar as gravuras feitas nos lados verticales do penedo e non no horizontal, que é o xeito corrente na Galiza, e a segunda a proximidade de estas insculturas a unha anta, feito observado n-algunhas outras necrópoles megalíticas.

O FOLKLORE DE AXEITOS.—Contra o que era de agardar, forneceu ista estazón unha colleita folklórica ben cativa, tan cativa que non poímos acadar xiquera o nome que indudablemente ten ou tivo o penedo insculturado.

Escoitamos así e todo dos beizos de D. Ramón Baltar, rico propietario de Santa Uxía de Ribeira, a seguinte etimoloxía popular do nome de Bretal.

«Un bispo o pasar perto do megalito de Axeitos, dixo ollando pra ill.

«Pásome de Ver-tal».

Etimoloxías de ista crás hainas de abondo na Galiza; asina, unha da vila de Castro de Caldelas (Ourense) cuio nome deriva asegún

a crenza do pobo da frase *cal-de-elas*, pronunciada por unha persoaxe a quen pedian en matrimonio unha das suas fillas; a de Melide, *mil-ide*; a de Cristimil, de *mil que morreron por Cristo*, etc.

\* \* \*

A un dos millores inxenos da moderna xeneración galega, o poeta Xosé Outeiro Espasandin, veciño tamén de Santa Uxía de Riveira debemos a seguinte referencia:

«Contan os velllos que entre o dólmen de Axeitos e unha peneda natural chamada a «Pia do Frade» hai un tesouro, e dín asina:»

«Da Pia do Frade a Pedra do Mouro  
hai unha trabe de ouro.»

Poderíamos multiplicar ata o infinito os paralelos de ista consella, pois coidamos que non hai na Galiza castro nin mámoa que non teña a sua correspondente trabe de ouro na compañía, nos mais dos casos, de outra trabe de alquitrán que de ser atopada produz lumes e males sen conto, e dende logo a morte do infortunado buscador da trabe de ouro.

Iste xeito de consella non se repete así e todo costantemente e anque a idea fundamental da proisimidade da riqueza e da desgraza ousérvase de cote, son diferentes as formas de presentarse a unha e mais a outra. E asina alcóntramo-nos localizada no monte de Lobeira (Vilagarcía) a seguinte variante eispresada en dous pareados:

«Dende Lobeira a Monte Cabalos  
hai unha mina de sete reinados:  
sete de ouro, sete de prata,  
sete de veneno que mata.»

Na mesma terra de Arousa as insculturas da «Pedra do Encanto» (Bamio), din asegún unha versión:

«Ola de ouro, ola de prata,  
ola de veneno que mata.»


E asegún outra:

«Pipa de ouro, pipa de prata,  
pipa de veneno que mata.»

E asegún unha terceira, mais sinxelamente:

«Ouro, prata,  
veneno que mata.» (1)

No Outeiro de Pazos (Cartelle) no canto da trabe de ouro hai o *haber* de tres reises e no canto da de alquitrán un becerro da mesma materia que toupa en labaradas se non se collen as riquezas de certo xeito habelencioso. A trabe esistente entre o castro Lamiño (Brión, Os Anxeles, A Cruña) e as



(FIG. 12.)

torres de Altamira é tan comprida que pode andar un carro de bois por ela.

No Concello de Guimaraes (Minho), sen fallar a trabe áurea pol-o menos n-un lugar da freguesia de Garfe, chamado o Castello, andan mais abondosos dous potes cheos un de ouro e outro de peste e no lugar da Granja hai acobillados trés lagares un cheo de ouro, outro de peste e outro de millo alvo. (2)

A créncia en tesouros atuados nos xacementos i-estazóns prehistóricas, xérada cícais por terse alcontrado n-elas obxetos de algúñ valor ou que pol-a sua rareza atra-

(1) Fermín Bouza Brey. «Prehistoria y folclore gallegos. Una estación de arte rupestre en los misterios de la ría de Arousa» monografía publicada pol-a S. F. de Antropología de Madrid.

(2) Mariano Sarmiento. «Materias para a arqueología do Concello de Guimaraes». Revista de Guimaraes, anos 1898 e 1899.

gueron a atención das xentes, como asimesmo a créncia en que certos seres de vida distinta á nosa; fadas, xanas, mouros, enanos, etcétera, posuen enormes cantidades de xoias, diñeiro e outras cousas de grande valor, está tan estesa que pode decirse que é universal, mais é intresante o comprobar as modalidades que reviste nos distintos países.

Na Galiza, á mais das que xa quedan ditas e da sinxela do *haber*, de que se atopa abastanza, temos alcontrado referencia ós obxectos seguintes que son, naturalmente, feitos de cote con materias preciosas anque non se determina en todolos casos con esaltitude a sua natureza:

A cadea, a reixa e a lámpara da Moura, no Castromao (Celanova).


Un restrelo tamén de ouro, no Monte Negro de Xurenzás (Carballiño).

Escopetas de ouro, n-unhas penedas das veciñanzas do castro de Bouzadoiro (Cambreiroá, Verín).

Vicente Risco cita asimesmo, sen precisar a localidade, xugos e rellas áureas. (1)

Pra non referirnos mais que ós países raianos con Galiza dos que temos notiza, diremos que no norte de Portugal, i-especialmente no Minho, repétense cásqueas todalas formas rexistradas no chan galego, que teñen por outra parte excelentes paralelos nas Asturias.

Allí as tradizóns relativas a tesoros achados, que se denominan *ayalgas*, *yalgas* ou *chalgos*, parecen haber tido en parte unha



(FIG. 13.) 1.—OS BALLOTES (Xil e Casal, Obermaier); 2.—LAXE DA FONTE DE PENA FURADA (R. Sobrino); 3.—PORTELA DA CRUZ (R. Sobrino); 4.—PENA DO POLVORÍN (Cabré); 5.—OIA (P. Jalhay); 6.—LOCALIDADE INDETERMINADA (Obermaier).

Dous xigantes aureos e a silla do rei Mouro, no Castro Morgadán (Carballido, Chantada).

Pelexos cheos de moedas ou de poeira de ouro, nas mámoas do Monte Albán (Limia outa),

Moedas de ouro, no castro Lamiño (Brión, Os Anxeles).

Tendaes de cousas preciosas no Outeiro de Rubiós (Verea, Bande).

Tendaes con tixeiras, no Neixón, en Bamio e no monte de Lobeira (Arousa).

Unha cabra, un cabrito e unha Virxe de ouro, no castro de Trelle (Barbadás, Celanova).

Un becerro de prata e unha cabra de ouro, no castro de Cameixa (Boborás, Carballiño).

Unha santa de ouro, no Castro Pequeno do Neixón.

Un caldeiro de ouro, n-un castro da Urdineira (Gudiña, Viana do Bolo).

origen literaria debido a certos papeis escritos polo estilo do Libro de San Cipriano, dos que se ocupou o P. Feixón e que se conocen co nome de *Gacetas* ou *Gacepas* en todo o Principado agás nos concellos do oeste, onde lles chaman *Liendas*. Revisten os taes tesoros asturiáns forma de xigantes (Colunga) ou de bolos ou cadeas de ouro (Castro de Caravia) indicándose o seu valor e o lugar do seu xacemento en versos de tipo igoal os que sinalan a trabe de Axeitos e outros *haberes* da nosa terra, podendose copiar pra o caso un recollido en Riosa que dí:


«Desde la fuente Laespina  
a la peña furacada  
hay doscientas libras de oro  
so una piedra labrada».

(1) Da Mitología popular galega. Os mouros encantados revistas NÓS, núm. 41, 1927.

E iste outro de Quirós que o pobo pon nos beizos de unha *xana*.

«Entre castros y castrina  
hay una espinerina  
con cien monedas de oro  
y otras cien de plata fina».

As *xanas*, ben semellantes en moitos respectos os nosos mouros, teñen como i-eles grandes riquezas. Os seus *cadexus* (miadas)



(FIG. 14.) 1.—ORCA DOS JUNCAIS (Leite de Vasconcellos); 2.—PENEDA DOS SIETE INFANTES DE LARA (Luis Martín Jiménez); 3.—CUEVA DE LAS FIGURAS (Víctorio Molina).

son de fios aureos (Villaviciosa), as suas tixeiras son tamén de ouro (Muros de Pravia), teñen tendas de couzas preciosas (Sas, Colunga) como os mouros do Outeiro de Rubiós e gardan a sua xoias en pelexos, como se gardan nas mámoas do Monte Albitán, asegún reza este cantar recollido en Castiello de Aguilar (Muros de Pravia).

«En Castiello de Aguilar  
donde el trigo se mayaba  
hay un pellejo guey pinto  
lleno de plata labrada». (1)

Nas rexións zamoráns de Aliste e de Santiago, veciñas de Portugal e onde hai abastanza de castros, alcóntranse n-iles localizadas tradizóns de tesouros que revisten alí a

(1) A. del Llano. «Del Folklore Asturiano. Mitos, supersticiones, costumbres» Madrid, 1922.

forma de un gallo con pitos, de monturas, campás e moi frecuentemente de touros. (1)

Como se ve non fallan paralelismos, nin en Zamora nin nas Asturias, ás riquezas acochadas da Galiza, mais en ningún de istos dous países se ten atopado ren que imite a nosa trabe de ouro nin a alternativa de riqueza ou morte que supoñen a trabe de ouro e a trabe de alquitrán cas suas variantes. Como excepción confirmadora da regra, somentes aparece un caso consinado por Cabal, da dita alternanza, na literatura popular asturiana. Localízase en Saliencia, Somiedo. Non hai n-ela trabes senón arcas, de ouro unha e de veleno a outra. (2) E convén saber a iste propósito que o folklore das Asturias está ben espigado polos dous mitólogos citados no curso de este traballo, e que de persoa de tanta autoridade como é o Sr. Gómez-Moreno que percorreu e estudiou as rexións castrexas de Zamora souvenmos que en ningunhas suas xeiras tiña atopado ren de semellante ás devanditas consellas galegas.

Insistimos n-este punto por ser as duas rexións citadas algo que está tan fortemente avencellado ca nosa provincia etnográfica que en mais de un aspeito chegan a se confundir, resultando verdadeiramente estrano que unha modalidade tan estesa na nosa terra non atinguira a inzarse n-elas.

Pol-o que a Portugal respecta, non coneçemos esaitamente a área xeográfica do seu espallamento, mais coidamos posibel que non pase mais alá da provincia miñota ou cícais das terras raianas de Tras-os-Montes.

FLORENTINO L. CUEVILLAS E  
FERMÍN BOUZA BREY

(1) Gómez Moreno. «Catálogo Monumental de España. Provincia de Zamora». En curso de publicación.

(2) C. Cabal. «La mitología asturiana. Los dioses de la vida». Madrid, 1925, pág. 227.

(Continuará)

# CATÁLOGO DOS CASTROS GALEGOS

PUBLICADO POL-A SEIZÓN DE PREHISTORIA  
DO «SEMINARIO D'ESTUDOS GALEGOS» DE SANT-YAGO

(*Proseguimento*)

ro que teñen 14 metros de outura e xa en sitio chan abrese un foso de 6 metros de ancho e con parapeto, aberto en parte na peneira viva e que falla soio na banda do sul.

**MENSURAS.**—De xeito ovalado mede: Eixe maior do leste o oeste. 123 metros. Eixe pequeno do norte o sul. 91 metros.

**OBSERVAZÓNS.**—É iste castro do mesmo tipo que os de Frameán e Marcelle, é decir que ocupa totalmente un outeiro, e presenta tamén duas particularidades ben notables. É a Primeira unha concavidade na banda do norte do terrapré e a segunda un burato feito no eixe do óvalo e no lonxe do parapeto e que afecta unha forma hemisférica. Ten 27 metros de diámetro e 5 de fondura e conecece no país co nome do Castro Redondo. Encol da destinaña de iste burato soio nos atrevemos a arriscar se cícais serviría de resevoiro de auga pra o caso de un asedio.

En toda a área castrexa non óllamos nin vestixios de edificacóns nin sinalas de portas.

**FOLKLORE.**—Dende o castro das Fontelas deixa o río da Barra, hai un camiño que vai por baixo de terra e pasa por unha nabeira que se estende entre o castro e o lugar. O sitio por onde pasa o tal camiño soterrado marcase n-unha faixa da nabeira onde o froito non se da ben.

**BIBLIOGRAFÍA.**—Inédito.

(Catalogado por Arturo Suárez, Vicente Risco, Arturo Noguerol e Florentino L. Cuevillas).

## Número VIII


### CASTRO DE SANTA ADEGA

**EMPRAZAMENTO.**—Na provincia de Ourense, concello de Vilamarín, freguesia de

San Vicente de Reádegos, a man direita da estrada que vai de Ourense a Lugo. Ocupa o cume de un outeiro emprazado na divisoria de augas entre o Miño e o Barbantiño e case no límite dos concellos da Peroxa e Vilamarín.

Dexérganse dende il a chá do Barbantiño e o val da Peroxa.

**DEFENSAS.**—Cingue iste castro un para-



peto de cinco metros de outura que se alonga cara afora n-un terrapré de doce correndo ó seu pé un foso provisto de escarpa e contra escarpa de oito metros de outura. Iste foso na banda do Oeste afástase do terraplén ata formar un ó xeito de antecastro de vinte eito metros de ancho.

MENSURAS.—Mede o recinto central:

- Do norte ó sul . . . . . 78 metros.
- Do leste ó oeste . . . . . 75 metros.

OUSERVAZÓNS.—Nos aterros do foso aprécianse pola parte do leste e do oeste duas soluzóns de continuidade que non presentan o reviramento carauterístico das portas castrexas, sendo moi probabel que foran feitas modernamente para servizo dos labregos que van ó sitio apañar batume.

No medio do recinto principal e perto de unhas penedias que o coroan óllanse os restos de unha antiga capela esborrallada que debiu estar dedicada á Santa epónima do monte.

Non podemos ollar en ningures pedras labradas nin ningún vestixio de habitación permanente.

FOLKLORE.—«O Castro todo está choco por que os mouros tñen minado por dentro, e nas mías gardan moitísimo ouro.»

\* \* \*

De unha vez un vello pasou cunha xugada de bois perto do castro e os mouros, que andaban fora mercaronlle o gado que leva, mais ó filo meter e cando il xa estaba baixo terra, ouviu a un mouro vello que decía, «Me huel a carne de cristianillo» ó mesmo tempo que cheiraba por todas partes. O home co-aquello pasou un grande medo, mais por cabio non lle fixeron mal e pagaronlle moi ben a xugada.

\* \* \*

Entre Santa Adega e o Castro de Madaneira hai unha trabe de ouro que ten que ser descuberta por roda de carro ou pata de cabra. Tamén dín que hai outra trabe de lume e outra de alquitrán.

\* \* \*

No castro viviu moita mourindade e ainda hoxe se atopan tellaós, muiños e canzorros.

BIBLIOGRAFÍA.—Mencionado por Vázquez Núñez loc. cit.

(Catalogado baixo a direición do sabio



## NÓS

mestre D. Manuel Gómez Moreno por Xosé Filgueira Valverde e Florentino L. Cuevas.)

### Número IX

#### CASTRO DE RÍO

EMPRAZAMENTO.—Nun outeiro de cota flebe que se ergue na marxe esquerda de un dos regatos que dan orixe ó río Barbantiño. Pertence á freguesía de San Salvador de Río, concello de Vilamarín, provincia de



Ourense e queda desviado uns 600 metros do lugar de Sestelo e a menos de 3 kilómetros da estrada de Cea a Bustelo.

Ollanxe dende ilos castros Morgadán, Bainte, Santa Adega e da Martiñá e o farto rento val de Vilamarín.

DEFENSAS.—É un castro de feitura sencilla que ostenta unha soia muralla sen foso. Mede de outo ista muralla pola parte de fora de 15 metros (bandas do sul e do leste) a 20 e 22 (bandas do oeste e do norte) e pola parte de dentro de 7 a 10. O seu ancho máximo e de 3 metros.

MENSURAS.—Mede o recinto murado:

- Do leste ó oeste . . . . . 89 metros.
- Do norte ó sul . . . . . 82 metros.

OUSERVAZÓNS.—A forma de iste castro sensafrse do tipo correntena Galiza, presenta unha certatendenza a reitangular, determinada pol-a direitura de algúns lenzos da muralla, mais sen que por ningures se vexan as arestas de xuntanza, carauterísticas das construzóns poligonales. O recinto central debía ser chairo d: seu, sendo posibel que despois do erguemento da cerca quedara mais aplanado por mor do aproveitamento que pro caso se faría dos penedos e da terra.




FIG. 1

A depresión que se olla na banda do leste, semella ser producida pol-a esprotación de unha canteira.

A muralla alcóntrase hoxe por completo cuberta de terra, mais dexérgase ainda con crariedade que estivo feita de cachote pequeno, presentándose esteriormente en forma de atero e interiormente no xeito de escálons dos conocidos co nome de socalcos (fig. 1). Foi ista a primeira vegada que ollamos tal modalidade costrutiva, que polo demais debía facer doida a rubida deica o cumio da muralla.

No lugar sinalado na planta ca letra *a*, érguese unha morea de terra con moitas pedras pequenas, que ten todo o estilo e

feitura de unha mámoa, e que incruso presenta no centro o burato denunciador de antigas espoliazóns. Non os foi posibel determinar con seguraza a natureza da tal morea, mais ren tería de estrano que fora en efecto unha mámoa, por ser toda ista bisbarra ben abondosa n-ista crás de enterramentos.


Na banda do suleste aparez cortada a cerca por un portelo de 3 metros de ancho que semella pol-a disposición dos cortes lateraes, ser causa posterior a costrucción do castro e prakticada pra deixar paso ós carros que ali van pra cargar os toxos e carpazas que cobren o monte.

Non ollamos por ningures sinaes níndias de casarellas, parecendo pertencer todo o cachote que por alí anda esparecido á muralla que en moitos sitios ten vestixios de haber sido utilizada como unha escelente canteira.

FOLKLORE.—O castro de Rio é obra de mouros e n-il hai atuadas grandes riquezas.

BIBLIOGRAFÍA.—Inédito.

(Catalogado por Sebastián González e Florentino L. Cuevillas.)



PLANTA DO CASTRO DE MARCELLE OU CASTRILLO DE ORBAN E CUIA DESCRIPCIÓN FOI PUBLICADA NO NÚMERO 47 DE NÓS

## Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza

### O demo.

A señora Consuelo, de Santa Uxía de Riveira refire o seguinte:

Eu non sei como se lle apareceu o demo; coido que xa o tivo toda a vida. Tiña unha flauta que scica era pra chamalo, e cando tocaba aquela flauta alá viña o carneiro;

— «¿Qué queres? ¿Queres ir a fiada? Pois monta no meu lombo.»

E alá iban ás fiadas os dous xuntos. Así que se acababa, voltaba o carneiro a buscálo, e xuntos voltaban pra casa.

D'unha vez tamén estaba n'unha dorna cocendo sardiñas e veu o trasno.

— ¿Qué fas?

— Estou cocendo sardiñas.

— Garda algo, home, e tráenlas inda que sexa na gorra.

Porque il non podía pasal-o mar que é sagrado, e il era o demo.

\* \* \*

Había unha casa que estaba sin alugar ningúén quería vivir n'ela; porque de noite sentianse queixumes e rousar de cadeas pol-o tellado. Ali vivira un notario e, desque lle morrera un fillo, tivérase que cambiar, pois era dende aquela cando se sentia iso de noite; porque xa se sabe que os notarios e os escribanos son uns ladróns. Entón o amo da casa ofreceu mil pesetas a quien fora capaz de descubril-o que ali pasaba; pero todos tiñan medo e ninguén quería entrar n'ela nin de día nin de noite. Entón veu un home, un mocío, e dí:

— «Pois eu vou pasal-a noite n'esa casa.»

E así foi; entrou na casa e encima d'unha mesa púxose a ler un libro, e así que diron as doce da noite, sinte os lamentos e as cadeas pol-o tellado. Il non tiña medo a ninguén. De repente sintiu unha voz:

— «Ai que me caijo!»

«E contesta o outro: ¡Pois cáete e que te leven todol-os diaños!»

E alá vai unha perna con cadril e todo. O outro non se asusta; e outra vez sintese a misma voz:

— «Ai que me caijo!»

E outra vez lle contesta o outro:

— «Pois caete ya con toditos los demónios!»

E outra perna con cadril e todo; e así foise reptindo hasta que foi caido o corpo en anacos, e o último tocoulle a cabeza, e así que viu a cabeza con unha cara negra xa de estar penando no inferno preguntoulle o mocío:

— «¿Qué es lo que te pasa, hombre, que quieres?»

— «Pues quiero que diga usted a mi padre que devuelva su dinero a tantos pobres que dejó en la miseria, que por causa d'él ando yo penando y no puedo ver la cara de Dios.»

E así que dixo esto desapareceu. Pol-a mañá díxolle ó pai o que pasaba, e fixéronlle misas e devolveu o diñeiro que non era seu e non se volvía a sentir nada mais n'aquela casa.

(Recollidos en Santa Uxía de Riveira por A. Varela).

### Outro parrafeo

Dios che dea buenos días  
E tamén as madrugadas  
Neníña que andas ás berzas  
Apanando as marafalladas

Por mandado de mis padres  
Y de la señora tía  
Estimaba de saber  
Este galán a que venía

Si queres saber o que veño  
Yo te diré la verdad  
Veño por pasar lo tempo  
Que es cosa de mocedá

Que es cosa de mocedá  
Galán aquí o dixestes  
Si non sabes o camiño  
Volve por donde viñeche

O camiño ven cho sei  
Que o estou vendo de aquí  
Estimaba de gozar  
Unha rosa coma tí

Unha rosa coma miñ  
No na debía de ser  
Galán que tanto sabías  
Tamén pode saber lere

Nin sei leer nin escribir  
Nin tampouco dar á roda  
Inda teño da aprender  
Nesa tua escola nova

Esta miña escola nova  
Érache unha maravilla  
Nas tuas más pouco dura  
El dinero de Castilla

El dinero de Castilla  
Meniña tienes razón

Que o gastamos os doux  
Na taberna do Coton

Si o gastaches nō gastaras  
Eu non cho mandei gastar  
De sete damas que tés  
Dime cal has de gozar

Ey si teño sete damas  
Meniña que tes con eso  
De sete damas que teño  
Tí és a de menos precio

Que son a de menos precio  
Galan eu xa cho sabía  
En canto non tiña outro  
Contigo má adivertia

Voucheme de aquí marchar  
E mais hei de correr ben  
tua nai é capadora  
Caparame a miñ tamén

Miña nai é capadora  
E meu pai é un diamante  
Si tua casta é boa  
Malo fuego te levante

## OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

### UNHA EXPOSICIÓN D'ARTE GALEGÁ

**P**OR ideia de Rafael Marquina, director da páxina literaria e artística d'aquél xornal, *Heraldo de Madrid* vai organizar na capital da España unha exposición d'arte galega. Rafael Marquina percorreu xa Galiza pra se pór en comunicación cos artistas e literatos, e conta que a exposición se poida facer na primaveira d'ist'ano de 1928. Queren levar non somentes aquelas artes qu'adoiten figurar nas exhibicións d'ista clás, senón tamén as chamadas *artes menores* que teñan desenrollo en Galiza, coma son azibechería, repuxado, ourivesaría, etc., e ainda d'industrias d'arte desaparecidas, coma son as obras de cerámica de Sargadelos. Contan levar ta-

mén o Coro Polifónico de Pontevedra e algúns conferenciantes, antr'iles Ramón Otero Pedrayo, Euxenio Montes, Alfonso Castelao, Faustino Santalices, Antón Villar Ponte, Roberto Blanco Torres e Basilio Alvarez que fará a inauguración.

Ha ser con seguranza un verdadeiro acontecemento, no que se ha pór de manifesto a riqueza artística da nosa terra.

### A EXPOSICIÓN DO LIBRO CATALÁN

NÓS celebra moi o éxito que tivo en Madrid a Exposición do libro catalán, organizada por *La Gaceta literaria*, manifestado ademais pol-o que fixo enrabechar a certos xor-

nais cortesáns, especialmente o consecuente A B C.

## LIBROS

HISTORIA SINTÉTICA DE GALICIA  
por RAMÓN VILLAR PONTE,  
A Cruña, NÓS, 1927.

**E**ste é un libro qu'o público galego aguardaba hai tempo: unha-historia breve de Galiza. Dos nosos historiadores, pódese dicir que ata d'agora, ningún pensou seriamente no gran público, agás D. Florencio Vaamonte, que ten un manuallo de historia de Galiza que hoxe non é doado atopar por ningures. Agora Ramón Villar Ponte soupo reducir a poucas páxinas —218 somentes— o contido de moitos volumes: historias particulares de vilas, d'ordes relixosas, de mosteiros, de casas fidalgas, coleccións de revistas e de documentos, etc. A *Historia Sintética de Galicia* representa a esencia contida en moitos volumes, e posta ó alcance de toda caste de leutores.

Non é pol-o tanto unha obra de investigación nin de crítica; é unha obra de vulgarización, que contén en pouco treito, os resultados de tanto hai feito no día de hoxe pr'escrecerel-o noso pasado. Está lonxe de toda fantasia e inteiramente cinguido ás verdades obtidas e comprobadas: onde se sabe, conta o que se sabe; onde non se sabe, cala, en lugar d'inventar coma faguian outrora outros historiadores. Ramón Villar Ponte ten o senso moderno da verdade histórica e atense a il con austera fieldade.

Ademais, esta *Historia sintética* contén escrusivamente o que se sole chamar *historia estensa* e *historia política*, e somentes algunha que outra vegada refirese á *historia interna*, á *historia de cultura*. Veleiqui un punto en que a *historia* de Ramón Vilar Ponte precisa un compremento: unha obra igual, na que se faga a historia da cultura galega. Mais quen é o qu'arestora vai ter coraxe pra pórse a ela?

Coma Ramón Vilar Ponte non se propon anovar, senón recoller os resultados derradeiros dos traballos feitos, polos especialistas en cada probrema e en col de cada tempo, conserva os cadros tradicionás da historia: *Prehistoria*, *Edade Antiga*, *Edade Meia*, *Edade Moderna...* cadros que hoxe a historia puxa pra faguer estralar e ceibarse da sua tirania, que non é mais qu'a tiranía do prexuizo. Mais tampouco era atal o seu intento nin a sua misión. Il tiña que operar adentro dos cadros a qu'a xente ven afeita pol-a rutina do ensenxo oficial. Ademais adentro d'ises cadros, evidentes ainda pra iles, traballaron e traballan ainda hoxe os mais dos nosos investigadores, e dos que non son nosos... Fora de qué, é na historia da cultura onde istes cadros se nos manifestan coma más ausurdos.

A obra do Ramón Vilar Ponte resulta d'unha utilidade grandísima, qu'a fai indispensábel en todolos centros de cultura e na biblioteca de todolos galegos que quieran ter noción do seu pobo.

---

*Imp. NÓS, Real, 36, -1.º A CRUÑA*



Use o novo cristal PUNTAL, fabricación de Zeis,  
e escrusiva da

# CASA DE LOS LENTES

Plaza Mayor, 18.

OURENSE.

## FOTOGRABADO

Si ten intrés en que os seus fotograbados  
sexan os mais perfeitos posibles, conven-  
lle envialos aos

Talleres de fotograbado  
ESPASA-CALPE S. A.

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547

MADRID

Este nome xa é por si unha garantía, pois  
son os talleres más modernos e orgaiza-  
dos para realizar na sua maisima perfei-  
ción toda crás de fotograbados en cinc,  
cobre; tricomias, cuatromias, etc...  
O seu servicio é extra-rápido.

As suas obras son perfeitas.

Suscribase a

## "A NOSA TERRA"

Idearium das Irmandades da Fala  
e á

# NÓS

Boletín mensual da Cultura Galega

J. CALVIÑO DOMÍNGUEZ

Abogado-Procurador

CANTÓN PEQUENO, 1-(OFICINAS)

Teléfono, 581.

A Cruña.

Trasmita os seus encárregos

-tipográficos a-----

# NÓS

-----e ficará complacido.-

-Baratura,-----

-----perfección-----

-----e prontitude.--

Real, 36-1.<sup>o</sup> -----A Cruña.

# **SANATORIO QUIRURGICO**

DIRETORES

**Manuel Peña Rey**

Ginecología e Partos

**José Mosquera Blanco**

Cirugía geral

Especialista na ggorxa, nariz e ouvidos

Situado frente á Alameda do Cruceiro, ten toda-las condicíos precisas.—Practicase toda crás d'operaciós.—Dotado de todol-os adiantos que pide a actual Cirugía.—Modernas instalaciós de RAYOS X pra diagnóstico e RADIOTERAPIA superficial e fonda con voltaxe de 250.000 voltios.—Aparello de Diatermia pra tratamento de Aue-xites, procesos inflamatórios, reumatismo, etcétera.  
Lámpara de cuarzo pra sol d'altitude e ultra-violeta pra tratamiento d'escrofulosis, ra-quítismo, alopecias, eczemas, etcétera.  
Admitense embarazadas, e cóntase con material esterilizado pra fora da cibdade en casos d'urxencia.—Poden colaboraren todol-os compañeiros, previo consentemento dos diretores.

## **BODEGAS GALLEGAS, PEARES E OURENSE**

Vinos finos de mesa: Tinto TRES RIOS, Blanco BRILLANTE  
LOS GALLEGOS blanco e tinto

**Macia e Valeiras, Apartado 18 - Ourense**

**Droguería e Farmacia**

**LUIS FÁBREGA**

Progreso, esquina a Luis Espada

OURENSE

**MERQUE VOSTEDE  
Plumeiros RAFIUM**

De mais dura qu'os de pruma e limpan millor. Véndese en todol-os estabreci-  
mentos do ramo

Andrés Perille-OURENSE

# **F. ROMAN e SACO**

## **DROGUERIA**

## **e FARMACIA**

Pereira, 19

Teléfono 28

OURENSE



## A hixiene nos nenos

é a garantía da sua saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o **"Jabón Sales de la Toja"**, único que ás suas altas calidades meiciñas xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tocador.

Contribuie ó perfeito desenrolo das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.

**JABÓN  
LA TOJA**  
**UNICO EN EL MUNDO**



O Xabón da Toxa  
ademas de ser o mellor é un  
producto galego que nos  
honra no mundo enteiro

*F. Castillo*

**En ningún fogar galego  
deben faltar as  
Pubricacións NÓS**

**ESTÁN à VENDA**

De Ramón Villar Ponte	
<b>Historia Sintética de Galicia</b>	<b>pesetas 5'00</b>
De Xaime Prada	
<b>Grabados en Linoleum</b>	<b>2'50</b>
De F. Porto Rey	
<b>A tola de Sobrán</b>	<b>0'80</b>
De Xosé Lesta Meis	
<b>Estebo</b>	<b>3'50</b>
De Ramón Cabanillas	
<b>A Rosa de Cen Follas</b>	<b>2'50</b>
De Rafael Dieste	
<b>A Fiestra Valdeira</b>	<b>3'00</b>
<b>Dos Arquivos do Trasno</b>	<b>2'00</b>

**VAN APARECER**

Triptico Teatral - por Antón Villar Ponte; **O Galo** - Obra póstuma de Amado Carballo; **Escolma de Contos** - por Rafael Dieste; **Traduzón d'un drama de Yeats** - por P. R. Castro e A. Villar Ponte; **A Escadeira de Xacob** - novela por E. Blanco Amor; **Pelerinaxes** - por R. Otero Pedrayo; **Obras completas** - de Xavier Prado (Lameiro); **Brétema, Armen-teiro e Esilados** - por R. Suárez Picallo; **O Mariscal** - por R. Cabanillas e A. Villar Ponte.

PEDIDOS A "NÓS"

REAL, 36-1º — A CRUÑA